

AS FERRAMENTAS *idea*



Proceso de participación pública do PXOM
das Pontes de García Rodríguez



Actas Obradoiros

Área de influencia: As Campeiras e O Brixeo

Mércores 12 marzo 2014, 19h . Biblioteca Municipal

> Técnicos ideaAspontes

- María Ríos
- Ismael Blanco
- Martín Rodríguez

> Participantes das Campeiras e O Brixeo: 13 participantes: 5 mulleres e 8 homes

Mesa: As Campeiras e O Brixeo

- 5 mulleres de 28, 34, 37, 37 e 57.
- 8 homes de 28, 28, 37, 49, 52, 54, 58 e 62 anos

> PRESENTACIÓN E PREMISAS

O equipo técnico da a benvinda e explica o funcionamento das sesións.

Descrición das sesións recalcando que se está nunha mesa de traballo e poñendo en valor o tempo da súa participación e colaboración.

Faise fincapé na importancia de crear un bo ambiente de traballo, de xeito que todo o mundo poida expresarse libremente.

Déixanse claras as mecánicas de participación.

> INTRODUCCIÓN

[en plenario]

- Definición do PXOM.
- Sinálase a FASE ACTUAL DE REDACCIÓN. Se ten realizado unha diagnose, para ser posteriormente revisada na Concellería de Medio Ambiente, e por último emitir informe, que poderíamos chamar folla de ruta. Neste momento estamos no proceso de redacción do DOCUMENTO NORMATIVO, que estuda polo miúdo cada barrio, cada sistema, etc.
- Revisamos brevemente e en conxunto os primeiros pasos dados ó realizar a diagnose.
 - Poboación en relación coa comarca.
 - Poboación en relación ás cabeceiras de comarca.
 - Vivendas por cada 1000 habitantes.
 - Revisión do planeamento do 1985; analízase o crecemento dende entón.
 - Transcrición do planeamento.

> DEBATE EN GRUPOS

A persoas participantes agrúpanse en dúas mesas de traballo, có obxectivo de obter certa representatividade en función do lugar de residencia.



EQUIPAMENTOS e ZONAS VERDES

Ábrese o debate:

Explicase qué se entende por equipamentos e dotacións, zonas verdes, espazos de lecer.

Cada grupo marca no plano facilitado polo equipo técnico aqueles que identifica no seu barrio ou zona de referencia.

Escriben e marcan as súas percepcións en canto a necesidade de novos equipamentos e zonas verdes, o exceso dos mesmos, lugar de situación, etc.

Que ámbitos son os que actualmente se entenden como equipamentos e zonas verdes?:

- O local social da veciñanza das Campeiras enténdese como un local en bo estado de conservación e de gran utilidade para o barrio.
- Resáltanse as carencias de instalacións deportivas na zona de titularidade municipal, aínda que menciónase a proximidade con espazos deportivos dos centros escolares, así como da Canle 4 e Os Alimpadoiros.
- Coméntase a necesidade de máis xardíns e árbores nas beirarrúas.

Que necesidades e propostas de novos equipamentos se fan?

Exprésase a necesidade de contar con equipamentos deportivos (mais non se concreta para que tipo de actividades deportivas) así como facilitar o uso das instalacións deportivas de titularidade autonómica dos centros educativos CEIP Monte Caxado, CEIP A Fraga, IES Castro da Uz, e IES Moncho Valcarce, todos próximos ao barrio.

Recoñécese que a veciñanza fai uso dos equipamentos culturais e deportivos da vila.

No tocante a outro tipo de equipamentos, solicítase máis información relativa a antiga escola e a súa reutilización como Aula de Educación Ambiental e de Reciclaxe, atopándose pendente da súa inauguración.

En xeral a demanda de equipamentos asimíllase con actividades de lecer e espazo público:

- Apertura de sendeiros aproveitando os antigos camiños reais.
- Pequenos equipamentos deportivos para a terceira idade (parques biosaudables)

REDE VIARIA

A rede viaria se valora como aceptable, centrándose a discusión sobre o estado de urbanización existente, e as características que o viario da zona debería ter para unha mellor adecuación ás necesidades da veciñanza.

- Mellora e adecuación da urbanización:
 - Recuperación de camiños cara a Marraxón De Abaixo.
 - Recuperación do camiño cara a Pontoibo.
 - Adecuación das beirarrúas no Brixeo, actualmente dun tamaño moi estreito.
 - Colocación de beirarrúas na travesía dos Covelos, actualmente sen elas.
 - Adecuación dos pasos de peóns nas vías con máis tráfico rodado, empregando resaltos ou medidas disuasorias, xa que os vehículos circulan a unha gran velocidade pola zona.

TECIDO RESIDENCIAL

O sentir xeral das persoas participantes, é de que o barrio das Campeiras delimita a zona de superación rural-urbano, aínda que non existe unanimidade na zona exacta na que establecer esa diferenciación, sendo a travesía dos Covelos, unha das posibilidades máis mencionadas. As persoas participantes comparten:

- Que o barrio conta con servizos de calidade.
- Que existe unha baixa demanda de vivenda nova.
- A necesidade de diferenciar fincas urbanas para vivendas unifamiliares e para bloques de vivendas.
- A opinión xeneralizada de que a tipoloxía de PB+3 é suficiente para futura vivenda nova. Aínda así, decántase tamén por manter unha liña de azotea, e recórdanse os dereitos adquiridos relativos ás alturas máximas que contempla o planeamento vixente.

SERVIZOS E INFRAESTRUTURAS

Sen observacións relativas ás necesidades de abastecemento e saneamento.

En canto ó alumeadado público detéctase como problemática a existencia de farois e postes eléctricos invadindo as beirarrúas.

Demándase o soterramento dos servizos urbanos.

